

## Sumario | nº37 – Maio 2024

EDIUS NOVAS

### Programa de Mentoría EDIUS [↗](#)

EDIUS NOVAS


O XI Encontro da  
Mocidade Investigadora  
celebrarase os días 10  
e 11 de xuño [↗](#)

3MT®

O 15 de maio remata  
o prazo para enviar  
vídeos ao concurso  
de 'Teses en 3 minutos' [↗](#)

EDIUS NOVAS

Concesión do Premio  
Extraordinario 2021/22 [↗](#)



ENTREVISTA

José Manuel  
Cifuentes Martínez

Doutor pola Universidade  
de Santiago de Compostela.  
Profesor de Veterinaria do  
Campus de Lugo. [↗](#)

«O mercado laboral  
require cada vez  
máis traballadores  
cunha cualificación  
e especialización  
máis alta» [↗](#)



EDIUS

Doutor@s  
«extra——  
ordinari@s» [↗](#)

OPINIÓN

### Responsabilidade, madurez e coñecemento [↗](#)

EDIUS NOVAS

Aberto até o 20 de maio  
o prazo para optar aos Premios  
á introdución da perspectiva  
de xénero na docencia  
e na investigación [↗](#)

EDIUS NOVAS

Daniel Mena recolle  
o VIII Premio de  
Investigación Histórica  
Domingo Fontán [↗](#)

EDIUS NOVAS

Simposio sobre  
Doutoramento  
en Educación [↗](#)

EDIUS NOVAS

Investigacións  
«sensibles»  
ao xénero [↗](#)

EDIUS NOVAS

Un tratamento psicolóxico da  
USC combinado cunha app  
para deixar de fumar obtén  
moi altos resultados  
de abstinencia [↗](#)

EDIUS NOVAS

XI Congreso Internacional  
de Nanociencia  
e Nanotecnoloxía  
Analítica, en setembro  
na USC [↗](#)

**EDIUS**

## Programa de Mentoría EDIUS

O programa de mentoría enmárcase nas actividades da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela. O obxectivo xeral deste programa é contribuír ao desenvolvemento exitoso da etapa predoutoral do estudiantado dos diferentes Programas de Doutoramento que forman parte da EDIUS.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DESTE PROGRAMA

- 1 Facilitar o contacto e a interacción do estudiantado de doutoramento con persoas co grao de doutor e con experiencia profesional no ámbito da investigación e a docencia ou fóra do ámbito académico.
- 2 Apoiar ás persoas que están comezando a súa carreira investigadora na toma de decisións que afectarán ao desenvolvemento da mesma.
- 3 Aportar un punto de vista externo que axude aos estudantes no seu desenvolvemento con coñecementos e habilidades baseadas na experiencia e que os guíe durante a etapa do doutoramento.

O proceso de mentoría que expón este programa ten unha duración de 9 meses (outubro de 2024 a xuño de 2025).

## ALGUNHAS CUESTIÓNS CLAVES

### A QUE É A MENTORÍA?

A mentoría é un proceso a través do cal se ofrece ás persoas que están realizando os seus estudos de doutoramento e que contan con menos experiencia, apoio, asesoramento e estímulo para desenvolver unha carreira profesional investigadora satisfactoria. Ademais da axuda práctica, as persoas mentoras son modelos que desempeñan un papel importante, xa que representan a diversidade de enfoques que poden conducir a un obxectivo similar.

### B QUE ENTENDEMOS POLA FIGURA DO MENTOR/A E QUE SE ESPERA DELA?

Pode definirse ó mentor/a como unha persoa con experiencia que axuda a moldear as crenzas e valores doutra persoa con menos experiencia de forma positiva para contribuír ao seu autocoñecemento e desenvolvemento persoal. Polo tanto, a persoa mentora non ten por que pertencer á mesma profesión que o estudante nin ao mesmo campo de coñecemento.

A mentoría é o proceso polo cal un mentor ou mentora anima á persoa mentorizada a reflexionar sobre os retos da súa vida, xa sexan profesionais ou persoais, e a través desta interacción permite á persoa mentorizada atopar as súas propias solucións ás súas preocupacións e, o que é máis importante, facer que se produzan cambios que permitan o seu progreso profesional e persoal.

Polo tanto, no noso contexto, o obxectivo final da relación mentor/a-mentorizado/a é que a persoa mentora externa sirva de elemento facilitador do proceso de doutoramento aos estudantes inmersos en ditos estudos. A intención non é que sexa un activo científico, xa que iso é responsabilidade das persoas supervisoras e directoras da tese de doutoramento, senón que a persoa mentora, de modo independente, contribúa a que o/a estudante consiga planificar a súa carreira investigadora/profesional, aclare cuestións científicas transversais (ex. introdución a cuestións como a ética na investigación, ciencia aberta, etc.) ou asesore en cuestións relacionadas co benestar persoal, o equilibrio entre vida laboral e persoal/familiar e as relacións interpersoais. Neste senso, as persoas mentoras desempeñan un papel complementario ás funcións das persoas supervisoras/directoras da tese.

EDIUS NOVAS

## O XI Encontro da Mocidade Investigadora celebrarase os días 10 e 11 de xuño

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) será a sede do XI Encontro da Mocidade Investigadora (X EMI) os días 10 e 11 de xuño na Facultade de Psicoloxía da USC. Este evento desenvólvese, dende o ano 2012, co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento.

O XI EMI está organizado por investigadores e investigadoras procedentes da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, e estará aberto a todos os estudantes de doutoramento destas universidades. Polo tanto, o único requisito para participar neste encontro será ter formalizada a matrícula en calquera programa de doutoramento dalgunha das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG). As persoas participantes terán a oportunidade de asistir e facer as súas contribucións a este evento, que durante dous días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.



The poster features a grid of colored squares (blue, red, green) with a faint background illustration of the USC cathedral. The text is as follows:

**XI ENCONTRO**  
*Mocidade*  
**INVESTIGADORA**

**10-11 XUÑO**

📍 **Facultade de Psicoloxía**  
Universidade de Santiago de Compostela

Icons representing research: a building, a microscope, a bar chart, a starburst, and a document.

**INSCRICIÓNS ATA O 10 DE MAIO**

📷 Toda a [info actualizada](#) en @XIEMI\_

AGARDÁMOSTE!

Logos for USC, Universidade de Vigo, and Universidade da Coruña are at the bottom, along with the XI EMI logo and a QR code.

↩ Ir ao sumario

O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación, o que, sen dúbida, constituirá unha experiencia enriquecedora para todas aquelas persoas que se animen a participar. Así mesmo, o programa contempla a entrega de premios á mellor comunicación de cada área de investigación (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura).

O XI EMI ofrece unha oportunidade única para mostrar e discutir as investigacións propias coas demais compañeiras predoutorais, potenciando así novas ideas e oportunidades. En definitiva, este encontro constitúe un marco incomparable para favorecer as relacións entre membros da comunidade universitaria, apostando pola colaboración inter e multidisciplinar entre áreas de coñecemento.

O período de inscrición finaliza o 10 de maio. As persoas interesadas en participar poden facelo a través [da seguinte ligazón](#).

## LINGUAS DAS COMUNICACIÓNS E PÓSTERS

As linguas principais para presentar aportacións científicas (comunicacións orais ou pósters) ao XI Encontro da Mocidade Investigadora serán o galego e o castelán. O uso de calquera das dúas linguas axustase á normativa de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela e, sobre todo, á intencionalidade do evento, que é a difusión e posta en común do coñecemento científico por parte de todas as persoas que realizan a súa tese en calquera das tres universidades galegas.

Nos campos de coñecemento nos que a lingua habitual para a difusión das investigacións sexa o inglés, poderase participar no XI Encontro da Mocidade Investigadora en dito idioma, ben sexa mediante a presentación dunha comunicación oral ou dun póster. A admisión de contribucións en lingua inglesa realizarase a pesar de que se recomende, en aras da difusión e intercambio científico, o uso do galego ou castelán.

Máis información sobre o XI EMI [na web da EDIUS](#).

3MT® NOVAS

## O 15 de maio remata o prazo para enviar vídeos ao concurso de ‘*Teses en 3 minutos*’



**Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008**, 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación do estudiantado.

Ampliado até o 15 de maio o prazo para enviar vídeos e participar na terceira edición do *Three Minute Thesis (3MT®)*, un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras predoutorais de todas as áreas do coñecemento. O concurso, organizado pola EDIUS, apoia a capacidade do alumnado de doutoramento para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado. **Nesta ligazón** poderás cumprimentar a ficha de inscrición e subir o vídeo.

Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas, así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo do que dispoñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

Son dous os requisitos para participar neste concurso: Estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2023/2024 e non ter defendido aínda a tese.

O *Three Minute Thesis* pretende fomentar o intercambio multidisciplinar, animando aos membros da comunidade académica a que coñezan os distintos proxectos de investigación que leva a cabo o alumnado de doutoramento da Escola de Doutoramento Internacional da USC.

[↩ Ir ao sumario](#)

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e do profesorado da USC. Este comité será o encargado de elixir un máximo de 20 vídeos, 5 por cada área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán nunha Gran Final. O comité deberá ter en consideración os seguintes criterios:

- Capacidade comunicativa dos participantes.
- Facilitade de comprensión do contexto do tema de investigación e o seu significado.
- Se a exposición describe claramente os resultados da investigación, incluíndo as conclusións.
- Se o tema de investigación, resultados e importancia foron comunicados nunha linguaxe adecuada para a audiencia non especializada.
- Nivel de impacto do traballo para a área de coñecemento á que pertence.

## CRITERIOS DE VALORACIÓN

(A puntuación máxima é de 10 puntos)

- **Capacidade comunicativa (5 puntos)**
  - Capacidade de comunicar os principais puntos da investigación adaptando a linguaxe a un público non especializado na súa mesma área de investigación. **(3 puntos)**
  - Claridade na exposición e coherencia e cohesión no discurso. **(1 punto)**
  - Seguridade na transmisión da mensaxe e capacidade de captar a atención da audiencia. **(1 punto)**

## ■ Calidade da investigación (5 puntos)

- O/A participante transmite o interese da súa investigación. **(2 puntos)**
- O/A participante comunica de forma clara o deseño da súa investigación e os seus primeiros resultados. **(1,5 puntos)**
- O/A participante explica de forma clara as primeiras conclusións da súa investigación e o impacto que se pode derivar dela. **(1,5 puntos)**

## A GRAN FINAL SERÁ O 6 DE XUÑO

Os vídeos finalistas concursarán nunha Gran Final que terá lugar o 6 de xuño na Nave de Vidán. As persoas finalistas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante tanto do xurado coma do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo.

O xurado:

- Artes e Humanidades: Dolores Vilavedra Fernández
- Ciencias e Enxeñarías: Eva Rodril Rodríguez
- Ciencias da Saúde: José Manuel Cifuentes Martínez
- Ciencias Sociais e Xurídicas: José Miguel Túñez López
- Marta Rodríguez Castro: Profesora na Facultade de Ciencias da Comunicación
- Roi Méndez Fernández: Profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación

A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€.

Ademais, os/as doutorandos e doutorandas que participen na final recibirán como recoñecemento un agasallo sorpresa.

**EDIUS** **NOVAS**

# Concesión do Premio Extraordinario 2021/22

ÁREA DE ARTES E HUMANIDADES	
Subárea	Nome e Apelidos
Historia, Xeografía e Artes	Alejandro Gómez Pazo
	Diego Cidrás Fernández
Filosofía, Filoxía e Lingüística	Vítor Míguez Rego
	Carmen de Santiago Gómez
	Pablo Pesado Rodríguez

ÁREA DE CIENCIAS E ENXEÑARÍAS	
Subárea	Nome e Apelidos
Biología e Ciencias da Natureza	Magalí Rey Campos
	Javier Ferreiro da Costa
Enxeñarías	Lucía Argiz Montes
	Álvaro Ordoñez Iglesias
	Nicolás Vila Blanco
Física	Alejandro Vilar López
	Pablo Fernández Garrido
Matemáticas	Erika Diz Pita
Química e Tecnoloxía Química	Eva Rivera Chao
	Julio Corredoira Vázquez

 [Ir ao sumario](#)



**ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS**

Subárea	Nome e Apelidos
Ciencias da Educación, da Comunicación e Políticas	Sara Pérez Seijo
	Bran Barral Buceta
	Diego Mo Groba
	Ángel Antonio Vizoso García
Dereito	Andrei Quintiá Pastrana
Economía	Ana Olveira Blanco
	Guillermo Sánchez Choez
Psicoloxía	Ana Rita Sa Leite Dias

**ÁREA DE CIENCIAS DA SAÚDE**

Nome e Apelidos
Víctor Santos Rosales,
Ana Alonso Pérez
María Vivero López
Marta Carolina Afonso Lages
Antía Fernández Pombo
Lorena García del Río
Eloi Franco Trepát
Marinela Couselo Seijas
Lucía Paniagua González
Óscar Rapado González
Cristina Ramos Hernández
Noelia Samartin Veiga

[↩ Ir ao sumario](#)


**EDIUS** **NOVAS**

## Doutor@s «extra — ordinari@s»

Seguimos coñecendo a algunha das 35 persoas que recibiron o Premio Extraordinario de Doutoramento por traballos defendidos na USC ao longo do curso 2021-2022. Isto nos conta de como se senten tras recibir este importante recoñecemento e tamén escoitamos os seus consellos.

**1.**  
**Que significa para ti este recoñecemento?**



**2.**  
**Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudantado de doutoramento que agora está nese proceso?**



**CARMEN DE SANTIAGO GÓMEZ**  
*Área de Artes e Humanidades*

**1.** É moi reconfortante que se recoñeza en forma de premio o valor desta etapa da miña traxectoria investigadora, que culminou coa defensa da tese de doutoramento, pero que abrangueu moitas outras parcelas da vida académica. No proceso é moi fácil dubidar e moi difícil perseverar, polo que resulta moi satisfactorio confirmar que a calidade do meu traballo e do traballo da miña directora, Pilar Lorenzo Gradín, así como o do resto de persoas que me axudaron, merece ser destacado.

**2.** Ademais da aprendizaxe intrínseca que supón elaborar cada unha das investigacións que se presentan como teses, o propio feito de superar un doutoramento outorga experiencia en moitos ámbitos que son útiles para a vida en xeral: apréndese a relativizar, exercítase a paciencia, xestiónase moita frustración, etc. Creo que é importante non esquecer que unha tese se escribe de xeito voluntario e que, se ben implica un enorme sacrificio, este debe ser razoable, deixar tempo para o lecer e o descanso e evitar que afecte á saúde.



**ÓSCAR RAPADO GÓMEZ**  
*Área de Ciencias da Saúde*

**1.** Recibir este premio é todo un recoñecemento ao esforzo, á constancia e á dedicación depositados na realización da miña tese, ademais de ser unha gran motivación e impulso cara ao futuro para seguir a carreira docente e investigadora.

**2.** Gustaríame destacar a oportunidade que temos de relacionarnos con outros investigadores e investigadoras, dos que poder aprender novos coñecementos e experiencias que van contribuir a enriquecer directa e indirectamente o noso continuo coñecemento. Ademais, é preciso compartir as innumerables preocupacións e inquietudes que van xurdindo durante este longo percorrido con outros compañeiros/as que, sen dúbida, son un apoio fundamental durante esta intensa etapa de aprendizaxe e traballo.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Doutor@s «extra ————— ordinari@s»

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudiantado de doutoramento que agora está nese proceso?**



**LORENA GARCÍA DEL RÍO**  
*Área de Ciencias da Saúde*

**1.** Un incentivo para seguir facendo as cousas como ata agora. Non importa a cantidade de publicacións, senón a calidade. Lamentablemente, nos últimos anos a mensaxe que se transmite é que son máis importantes os números que a calidade, o cal non debería ser así. A calidade debería primar sempre.

**2.** Que se aprende máis dos erros que dos éxitos. Durante a miña etapa predoutoral comentei moitos erros, algúns, aínda que eran pequenos, afectaron de maneira significativa aos resultados de certos experimentos. Estes erros non che fan perder o tempo, senón que incrementan a túa resiliencia e coñecemento para abordar novos retos no futuro. A ciencia é basicamente iso, resiliencia.




**JAVIER FERREIRO DA COSTA**  
*Área de Ciencias e Enxeñarías*

**1.** Este premio é, para min, o complemento perfecto, a guinda do pastel á etapa probablemente máis rutilante e enriquecedora da miña vida. O feito de que a túa tese de doutoramento, e todo o xerado durante a súa confección (artigos, estadías, congresos, transferencia, etc.), sexa valorada e recoñecida en termos da súa calidade científica, atopándose entre as máis sobresaintes da Universidade de Santiago de Compostela, resulta altamente motivador e reconfortante. É o recoñecemento a unha carreira científica e, polo tanto, a todo o traballo realizado e ao longo camiño percorrido durante estes anos, facendo que pagase a pena o titánico esforzo dedicado e o tempo roubado ao resto de compañentes chave da miña vida.

**2.** Toda a etapa de doutoramento é relevante. Dende a elaboración do proxecto de tese, a confección do guión da mesma, e obviamente a redacción na que se

mudan uns apartados, se eliminan outros, e xorden novos retos e oportunidades que finalmente son incorporados. Resulta igualmente enriquecedora a interacción co teu titor/a e director/a, así como o intercambio de coñecemento e experiencias con outros grupos de investigación, ou mesmo a realización da transferencia dos principais resultados ás entidades públicas e privadas externas que se vexan implicadas na tese, e que vaian a facer aplicación práctica ou mesmo replicación dos métodos e técnicas empregados. É unha experiencia laboral e vital da que se sae cunha maior visión holística e crítica do eido científico e da sociedade en xeral.



**BRAN BARRAL BUCETA**  
*Área de Ciencias Sociais e Xurídicas*

**1.** Pois, sen dúbida, é un pequeno aliciente máis. Ó final, supón unha especie de segunda validación do traballo realizado non soamente durante a tese, senón do esforzo depositado na carreira investigadora. Tamén dá con-

[↩ Ir ao sumario](#)

## Doutor@s «extra — ordinari@s»

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudiantado de doutoramento que agora está nese proceso?**

ta do nivel de esixencia dentro da nosa comunidade universitaria, xa que vendo as puntuacións e méritos das persoas que integramos a listaxe de candidaturas, non queda dúbida de que o nivel é moi elevado. Ó mesmo tempo, agardo que tamén sirva, como todo este tipo de premios, para axudar a visibilizar as temáticas que se abordan nas teses, que son documentos que, dado o seu formato e a pesares do seu valor, quedan un tanto "ocultas".

**2.** Facer unha tese é unha "montaña rusa". Supón que hai fases de moito sufrimento, principalmente pola falta de avances, porque os artigos non acaban de ser aceptados, polos prazos que están sempre ameazando... Pero logo, revives co ánimo de cando consigues algunha bolsa para investigar, para estancias, fondos para ir a un Congreso, ou cando dás por fin publicado nunha revista de prestixio. A aprendizaxe máis importante é a paciencia, é unha carreira de fondo, e como tal, é preciso dosificar. Por iso o meu consello é ser consciente do que un mesmo ou mesma é realmente capaz, e forzar cando sexa preciso, pero coidando que non sexa un hábito.

Un último consello, rodearte dun bo equipo de persoas, como eu tiven a sorte, é vital. Traballa, a poder ser, con persoas nas que confíes e coas que teñas sintonía.



**ALEJANDRO VILAR LÓPEZ**  
*Área de Ciencias e Enxeñarías*

**1.** Unha recompensa ao esforzo posto no doutoramento. Mais penso tamén que hai que relativizar estes premios de amplo espectro, sobre todo nunha etapa de investigación como é a tese na que os traballos son moi especializados e dificilmente comparables entre si. Non creo que sexa sinxelo categorizar un traballo como "mellor" que outro cando os seus autores non serían quen de entender en detalle o que fixo o outro.

**2.** Se queren desenvolver unha carreira académica, que poñan moito esforzo desde o comezo en entender o que está a pasar na súa disciplina fóra do seu "berce", do ecosistema do seu grupo e mesmo do seu país. É

importante coñecer quen está traballando en que, que liñas son as máis activas e prometedoras. Aproveitar todas as oportunidades que teñan para ir tecendo unha rede internacional, facer estadías ambiciosas é moi importante para iso, por exemplo.



**MAGALI REY CAMPOS**  
*Área de Ciencias e Enxeñarías*

**1.** Este recoñecemento supón unha gran satisfacción. Gañar un premio sempre é motivo de alegría, pero neste caso recoñécese o traballo realizado durante 4 anos. Na miña experiencia, é unha etapa de moita aprendizaxe e esixencia. Por isto, sintome moi agradecida.

**2.** A etapa de formación pre-doutoral supón unha gran aprendizaxe en moitos aspectos. Resaltaría tanto o desenvolvemento de coñecementos e novas tecnoloxías, pero tamén a consulta de información, proposta de hipóteses, discusión de resultados e defensa dos


[↩ Ir ao sumario](#)

## Doutor@s «extra ————— ordinari@s»

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudiantado de doutoramento que agora está nese proceso?**

mesmos. Aínda que a elaboración da tese require moito traballo, penso que é positivo avanzar mantendo obxectivos axeitados. Por último, destacaría a importancia de traballar en grupo, apoiándose en xente con experiencia que pode axudar moito no proceso.



### **SARA PÉREZ SEIJO**

*Área de Ciencias Sociais e Xuridicas*

**1.** A etapa doutoral é un proceso arduo, esixente e moi sacrificado. Este premio é un recoñecemento a ese esforzo, pero tamén ao traballo solitario que está detrás de moitas teses de doutoramento. Representa un estímulo que, no meu caso, marca a fin dunha etapa e serve de impulso para continuar coa miña carreira investigadora nunha universidade pública.

**2.** A importancia de aprender a xestionar correctamente o

tempo e de non descoidar a saúde mental. Non te compares, cada persoa traballa a ritmos diferentes e con metas (seguramente) moi distintas. Non consideres os erros como un fracaso, porque forman parte da aprendizaxe desta etapa predoutoral. Aproveita toda a oferta formativa de balde ao teu alcance, pero prioriza aqueles cursos que realmente sexan de utilidade para a túa investigación. Finalmente, lembra que hai vida máis aló da tese: non esquezas a túa vida persoal durante este proceso!



### **ÁLVARO ORDÓÑEZ IGLESIAS**

*Área de Ciencias e Enxeñarías*

**1.** Sempre é gratificante que recoñezan o teu labor, especialmente cando se trata dun premio a unha tese doutoral, un traballo de investigación de varios anos. Eu vexo o premio como un recoñecemento tanto persoal como grupal, xa que nunha tese os directores tamén teñen un papel importante e ao

final o premio é indicador de que estamos no bo camiño.

**2.** Coma en calquera traballo ou empresa na que comezas, terás que aprender as metodoloxías de traballo, neste caso do eido da investigación científica, así como poñerte a estudar o estado da arte.

Esa aprendizaxe dáse por esperada por todas e tampouco desvelaría ningún segredo se digo que a tese é ás veces un traballo solitario. Por iso, a aprendizaxe que destacaría é a colectiva. A que aprendín coas compañeiras da Asociación de Investigadoras de Compostela (AIC). Un espazo que serve tanto para detectar e propoñer solucións a problemas que nos afectan a todas as profesionais da investigación, como para ir tomar algo e coñecer as realidades doutras áreas de coñecemento. É dicir, non te limites a quedarte no teu laboratorio, asóciate e sae del.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Doutor@s «extra ————— ordinari@s»

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudiantado de doutoramento que agora está nese proceso?**



**EVA RIVERA CHAO**

*Área de Ciencias e Enxeñarías*

**1.** É un orgullo recibir este recoñecemento e, sen dúbida, supón unha motivación adicional para seguir adiante coa miña carreira investigadora.

**2.** Unha das maiores aprendizaxes do doutoramento, especialmente nunha disciplina científica, foi afrontar e resolver os problemas diarios. Ao novo estudiantado diríalle que non se preocuparan por un resultado negativo porque pode transformarse en algo útil de cara ao futuro.



**ÁNGEL VIZOSO GARCÍA**

*Área de Ciencias Sociais e Xurídicas*

**1.** Considero que é un premio ao meu esforzo pero, sobre todo, ao esforzo de toda a xente que me acompañou e me axudou ao longo deste camiño. Sempre digo que unha tese de doutoramento vai asinada por unha persoa, pero detrás está a contribución de moitas persoas que animan nos momentos baixos, que aconsellan, que dan pistas sobre onde tirar en momentos de dúbidas e un longo “etcétera” que fai que sexa de xustiza compartir este recoñecemento con toda esa xente.

**2.** O meu consello, que deriva da aprendizaxe que me deixa esta etapa, é que busquen fortalecer a súa rede, tanto no persoal como no académico. No persoal, porque é moi necesario ter un bo grupo de amizades e de familiares cos que compartir os posibles momentos de dúbida, que os hai. No académico, aconsellaría tamén facer unha rede de com-

pañeiras e compañeiros que se atopen nesta mesma etapa. O camiño da tese é, en certa medida, solitario, pois non hai un horario de clases nin traballos en grupo como pode acontecer noutras etapas. Buscar a compañía doutras persoas que se atopen nesta mesma fase pode axudar a resolver dúbidas no académico pero tamén no anímico, algo vital para superar esta etapa. Sinceramente, de non ser por Marta, Sara e Martín, que me acompañaron durante boa parte de todos os meses que durou a miña tese non sei que tería sido de min!



**NICOLÁS VILA BLANCO**

*Área de Ciencias e Enxeñarías*

**1.** Obxectivamente é moi difícil poñer unhas teses por encima das outras, xa que, de seguro, todas as candidatas tiñan detrás un esforzo tremendo. Aínda así, este premio serve para poñer en valor o meu traballo e o das miñas directoras de tese, e animarnos a seguir traballando na mesma dirección.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Doutor@s «extra — ordinari@s»

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudiantado de doutoramento que agora está nese proceso?**

**2.** Habrá días mellores e peores, pero creo que o máis importante (e tamén o máis difícil) é saber disfrutar do proceso e rodearse de xente que te apoie tanto no plano profesional como no persoal.



### **ERIKA DIZ PITA**

*Área de Ciencias e Enxeñarías*

**1.** Sempre é positivo que se reconeza o traballo que fas. Pero, por unha parte, este recoñecemento está baseado nuns criterios que verdadeiramente din pouco sobre o noso traballo. Por outra, resulta complicado comprender que se considere que o noso traballo é “extraordinario”, pero que aínda así non poidamos acceder a un posto de traballo estable na universidade, nin a ter un salario comparable ao do sector privado ou ao doutros países.

**2.** Aprender a darlle a cada cousa a importancia que ten. Investigar, e en particular facer unha tese, é un traballo, non é a túa vida. Non hai que descoidar todo o demais.



### **DIEGO MO GROBA**

*Área de Ciencias Sociais e Xurídicas*

**1.** É unha honra para min ter obtido o recoñecemento do tribunal avaliador. Mais gustaríame estender este recoñecemento a tódalas persoas que me acompañaron neste proceso. Afrontar unha tese de doutoramento é unha carreira de fondo que require de traballo, paixón, acompañamento e sacrificios. Gran parte deles compartidos e que merecen o meu recoñecemento e agradecemento eterno. Ademais, este premio non sería posible sen o Equipo de Investigacións Políticas do cal formo parte. A miña tese é o froito da súa aposta por unha liña de investigación ambiciosa e rigorosa no eido da ciencia política, pero tamén é

un recoñecemento da súa calidade humana e científica.

**2.** O doutoramento é, ante todo, un proceso de construción académica, pero tamén persoal para a cal non hai un só camiño. Por iso, gustaríame aproveitar para poñer en valor as teses monográficas polo seu impacto positivo no proceso de aprendizaxe e evolución do doutorando/a. Dende a miña experiencia, o grao de esixencia, amplitude, detalle e profundidade, por exemplo, na elaboración do marco teórico, supón un enriquecemento único no proceso de formación do investigador/a. A produción científica mediante artigos debe ser unha peza máis, imprescindible sempre, que complementa e acompaña a produción monográfica durante esta etapa formativa.



### **JULIO CORREDOIRA VÁZQUEZ**

*Área de Ciencias e Enxeñarías*

**1.** Este premio supón o recoñecemento ao traballo realizado

[↩ Ir ao sumario](#)


## Doutor@s «extra ————— ordinari@s»

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que aprendizaxe na etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudiantado de doutoramento que agora está nese proceso?**

durante os anos do doutoramento, froito da dedicación invertida durante ese período, sempre co respaldo e apoio constante dos meus directores de tese. Estou moi agradecido por esta distinción, o que supón un aliciente para continuar traballando con ilusión.

**2.** Durante a elaboración da tese, para min, a resiliencia converteuse nun aliado indispensable, permitíndome afrontar e superar os desafíos académicos e persoais que xorden ao longo desta etapa, mantendo a motivación e compromiso intactos. Ademais, establecer un equilibrio entre o traballo, o descanso e a socialización é esencial para manter a mente clara e enfocada ao longo desta etapa, que é moi bonita e gratificante pero, como todo na vida, tamén ten momentos difíciles.



### VITOR MÍGUEZ REGO

*Área de Artes e Humanidades*

**1.** Este recoñecemento supón unha gran alegría, pois é a culminación perfecta de anos de traballo e esforzo. Tamén é un pulo para seguir traballando nos temas que me apaixonan.

**2.** Creo que durante o doutoramento aprendemos moitas cousas (a organizar o tempo, a planificar o traballo, a xestionar as emocións...). Persoalmente, destacaría a importancia das estadias noutros centros, que creo que non se deben ver só como un requisito para a mención internacional, senón que poden chegar a marcar unha gran diferenza no desenvolvemento do noso traballo.



### ANDREI QUINTIÁ PASTRANA

*Área de Ciencias Sociais e Xurídicas*

**1.** Estou moi contento de saber que a miña tese foi merecedora do premio extraordinario de doutoramento. Penso que este recoñecemento é tamén unha confirmación de que o galego é unha lingua tan válida como calquera outra para traballar co dereito facer investigación xurídica.

**2.** Durante o proceso de elaboración da tese hai momentos nos que podes perder a confianza. Lembrar en que medida a investigación pode contribuír a mellorar a vida da familia e ás amizades que te apoiaron durante o proceso é unha das mellores aprendizaxes que levei.

[↩ Ir ao sumario](#)



ENTREVISTA



**José Manuel  
Cifuentes Martínez**

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor de Veterinaria do Campus de Lugo.

## «O mercado laboral require cada vez máis traballadores cunha cualificación e especialización máis alta»

*José Manuel Cifuentes Martínez é doutor pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese **Contribución al conocimiento morfológico y funcional del órgano vomeronasal del perro (1989)**. Na actualidade, é profesor da área de Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo.*

### É a EDIUS unha escola ao nivel das escolas a nivel nacional e internacional?

Realmente non teño unha opinión fundada nesta cuestión porque descoñezo o funcionamento polo miúdo das escolas a nivel nacional e moito máis a nivel internacional. Non obstante, polo que coñezo a través do director da EDIUS, as reunións entre escolas a nivel nacional e en particular no ámbito do SUG estase a traballar en conxunto de cara a harmonizar a normativa e o funcionamento das mesmas. Polo tanto, o nivel debe de ser semellante.

### Que característica ou singularidade destacaría dela?

O equipo humano. Creo que o persoal que traballa na EDIUS é magnífico, sempre disposto a botar unha man, tanto ao profesorado como o alumnado. E non sempre é doado, porque a cantidade e diversidade de cuestións que se suxiren é enorme.

### Se estivese na súa man, cal é ese aspecto que mudaría para que gañase en excelencia?

Sen dúbida ningunha, a dotación económica. A EDIUS precisa dunha dotación económica acorde coas funcións de desenvolver así como unha autonomía para a xestión deses fondos. Calquera tipo de acción que se pretenda abordar desde a Escola na procura dunha mellora custa caros. Na actualidade, os fondos cos que conta a Escola son escasos, sendo xeneroso coa miña apreciación.

### Por que cre que cada vez máis persoas inician os estudos de doutoramento?

Seguramente son moitos os factores que poderían xustificar o incremento. Podería apuntarse aos cambios que se dan nas expectativas laborais, xa

que cada vez se requiren traballadores cunha cualificación e/ou unha especialización máis alta. Neste sentido, un doutoramento pode proporcionar habilidades e coñecementos que permitan competir en mellores condicións no mercado laboral.

### **Como mudou nos últimos anos o alumnado de doutoramento?**

En xeral, os cambios reflicten as tendencias que se están a dar na educación superior e no mercado laboral. Cada vez hai máis estudantes internacionais, tanto estudantes doutros países que veñen a realizar o seu traballo á nosa universidade como estudantes da USC que completan a súa formación fóra. Outro cambio significativo é o aumento de mulleres que realizan os estudos de doutoramento. Os estudantes de doutoramento están máis interesados en realizar investigacións aplicadas, desenvolver habilidades transferibles e cun maior interese polo emprendemento.

### **Ciencias da Saúde é a área onde están matriculadas máis persoas, tanto homes como mulleres. Cal é o motivo?**

Esta área é moi ampla e diversa, o que se traduce nunha gran variedade de oportunidades para os doutorandos e doutorandas. En xeral é un reflexo da crecente importancia desta área para a sociedade, xunto coa aparición de novas titulacións de grao cada vez máis especializadas. Por outra banda, estanse a valorar máis este tipo de estudos para a propia promoción profesional, é dicir, carreiras que anteriormente eran moi profesionalistas (medicina, veterinaria, farmacia...), que unha vez rematadas tiñan unha empregabilidade directa, sen apenas necesidade dunha especialización deste tipo, na actualidade está mudando e por

iso cada vez máis aparecen estudos de Mestrado e de Doutoramento que completan esta formación. Outro aspecto a ter en conta sería a crecente aparición de centros e institutos de investigación especializados que ofrecen este tipo de posibilidades de estudo.

### **Un consello para os doutorandos e doutorandas.**

En xeral, a decisión de realizar un doutoramento é algo moi persoal que debe tomarse en función dos propios intereses, obxectivos e circunstancias. Tamén é importante ter unha idea clara do que se quere conseguir co doutoramento e de como encaixará con obxectivos profesionais a longo prazo. O doutoramento pode ser unha experiencia gratificante e desafiante á vez. Ofrece a posibilidade de afondar nun tema que te apasiona, desenvolver habilidades de investigación e pensamento crítico, facer contribucións máis ou menos relevantes ao coñecemento. Non obstante, tamén se require un gran compromiso de tempo, esforzo e dedicación. Pode ser moi estresante en certos momentos. Dito isto, coido que se deben sopesar pros e contras e tomar a decisión que cada persoa considere máis axeitada.

### **Outro para os directores/as, titores/as e coordinadores/as de tese...**

Desde o meu punto de vista, o labor de dirección ten mudado nos últimos anos e máis aló dun coñecemento profundo e actualizado dos temas de investigación que se están a desenvolver débese estar familiarizado cos requisitos e procedementos dunha formación deste tipo que permita axudar ao estudante a desenvolverse por todo o proceso e cumprir os prazos establecidos. Isto require dun esforzo adicional e o director ou directora debe ser un mentor que poida prestar apoio tanto no ámbito académico como persoal.



**Alba Nogueira López**

Catedrática de Dereito Administrativo.  
Membro da Comisión Executiva da EDIUS

OPINIÓN

## Responsabilidade, madurez e coñecemento

Vivimos con présa, nun contexto con moita precariedade e competitividade, na Universidade tamén. Estas circunstancias poden levar a non darlle valor ao período formativo da tese para aprender a investigar con rigor e aportando avances ao coñecemento.

Unha tese non é calquera traballo de investigación. Tampouco é un puro trámite. Nin tampouco a súa finalidade é engrosar os méritos das persoas que as dirixen para conseguir outras finalidades. A tese de doutoramento -en calquera das súas modalidades- debe ser unha aportación novidosa ao estudo dunha materia coa que se aprende a traballar cun método científico nun ámbito de coñecemento.

As tentacións de coller atallos son poderosas e as ferramentas e motivos para facelo multiplícanse (IA, publish or perish), pero tamén os riscos de que prácticas opacas ou **directamente ilegais** poidan **poñer fin a carreiras tan fulgurantes como erradas**.

Por iso, a dirección de tese é un traballo que esixe responsabilidade, madurez e coñecemento. Un traballo que debe ensinar o método de traballo nun ámbito científico, marcar ritmos de estudo, orientar sobre lecturas, corrixir erros e aconsellar sobre como e onde realizar intercambios científicos, a combinar paciencia e constancia, a non correr e a non parar, mesmo nos momentos de desalento. Un traballo que ben feito leva moito máis que as escasas horas docentes equivalentes que computan no POD, pero que mal feito deteriora á universidade no seu conxunto e á súa imaxe institucional e social.

Entender a importancia formativa deste período facendo que as teses contribúan a aprender a traballar cunha metodoloxía científica, con perspectiva crítica e xerando avances reais para o coñecemento científico é unha garantía sólida para a traxectoria académica futura das doutorandas e doutorandos.

As **novas orientacións da avaliación da actividade investigadora** e as acreditacións camiñan na dirección dunha **avaliación cualitativa** que contraste as aportacións efectivas dos traballos de investigación e corrixa a **inflación da produción científica** sen aportacións reais e que **ninguén consulta**. Unha boa oportunidade para comezar pola base facendo ben as cousas desde a tese de doutoramento.

↩ Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

## Investigacións «sensibles» ao xénero

Todas elas responden de maneira conxunta á seguinte entrevista.

Neste curso 2023-2024, a EDIUS incorpora ao seu catálogo tres accións formativas transversais, facilitadas por profesoras e investigadoras da USC vencelladas ao Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (**CIFEX**). Estes son os títulos dos cursos:

- ***Perspectiva de Xénero na Investigación: un enfoque integrador***, con Encina Calvo e Eva Aguayo.
- ***O concepto de xénero e o seu valor na investigación actual***, con Guadalupe Jiménez.
- ***Doutorarse con perspectiva de xénero***, con Aixa Permy.



**ENCINA CALVO**

Profesora de Física Aplicada de USC e investigadora do CIFEX

### Teses con perspectiva de xénero. A que se refire exactamente?

Ao falar de teses con perspectiva de xénero referímonos a investigacións “sensibles” ao xénero; proxectos capaces de superar o androcentrismo implícito na investigación tradicional que, eliminando estes nesgos, descentrando a ollada sobre o exclusivamente masculino, no seu deseño, metodoloxía, contido e resultados, producen un outro coñecemento de maior calidade, por estar máis contextualizado e propoñerse como inclusivo.

### Sabemos que porcentaxe de doutoramentos compren con esta premisa na USC?

Habería que revisar todos os proxectos de doutoramento que neste momento están matriculados na EDIUS para responder rigorosamente a esta cuestión. Mais, o que si podemos intuír é que as teses con perspectiva de xénero non representan unha maioría. Incluso, probablemente, serán proxectos constituídos desde disciplinas que, tradicionalmente, gardan relación cos estudos de xénero: literatura, filosofía, socioloxía, historia, educación, ciencias políticas... Con todo, nas últimas Xornadas CIFEX, que levaron por título ‘Gendered Innovation’, abordamos a introdución da perspectiva de xénero en ámbitos como a medicina, a enxeñaría ou a intelixencia artificial e contamos cun moi elevado número de asistentes, o que nos permite constatar que existe un interese claro por esta cuestión. Quizais sería preciso dar a coñecer

[↩ Ir ao sumario](#)

os proxectos pioneiros que se están a desenvolver e as potencialidades da perspectiva de xénero e feminista en todos os ámbitos.

### **Que particularidades teñen estas teses?**

Como indicábamnos na primeira pregunta, unha tese con perspectiva de xénero ten a capacidade de producir un outro coñecemento, non nesgado, situado, sensible e con potencial inclusivo. Isto ten moitísimo interese social, pensando desde o marco dunha cultura democrática, da paz e da non violencia. Por esta razón, son teses que ofrecen unha visión, do saber ou dos feitos, que considera máis perspectivas que a masculina hexemónica. O que reverte na oportunidade de pensar e analizar o mundo para facer del un lugar máis habitable; ou, da vida, unha experiencia máis vivible para todas as persoas, sexan cales sexan as súas particularidades como corpos vivos.

### **Poderíades poñer algún exemplo?**

Por exemplo, no marco do doutoramento en educación, unha tese con perspectiva de xénero que analice os patios escolares fai posible revisar como os usan as crianzas, -en función do seu sexo/xénero-: Quen ocupa máis espazo e facendo que, ou cales son as actividades ou os xogos máis e menos visibles, entre outras cuestións. A partir dos seus resultados, isto pode abrir a porta a repensar a súa distribución, ou incluso propoñer un deseño consciente do mesmo, -como se organiza e a que se xoga-, a fin de incidir nas aprendizaxes que, sobre permisos de uso dos espazos e da vida, entre outras cousas, se realizan na infancia, en función do sexo/xénero, no tempo de xogo. As investigacións que incorporan unha perspectiva de xénero producen un coñecemento de maior calidade, máis significativo e completo, ao realizarse desde a conciencia dos nesgos e valores sexistas que afectan de maneira negativa á produción do saber.



**EVA AGUAYO**

*Profesora de Economía Cuantitativa da USC e investigadora do CIFEX*

### **Cales son os principais problemas que o alumnado de doutoramento se pode atopar?**

De forma xeral, o doutoramento é un tempo de moito malestar: estrés, ansiedade, confusión, preocupación, inseguridade... é unha etapa na que, aínda contando cunha dirección atenta e dedicada, se experimenta unha profunda soidade, acompañada, incluso, dunha sensación de incompreensión por parte do círculo máis íntimo. Se agregamos a esta “mestura” o feito de desenvolver unha tese con perspectiva de xénero, aplicamos un efecto multiplicador a eses malestares. Especialmente, a todo o que ten que ver coa dúbida sobre a suficiencia -dunha mesma, como investigadora, e do propio traballo, como algo de valor- xa que, tendo un potencial claro para mellorar o mundo, por que non é a perspectiva de xénero -ou permitímonos dicir, incluso, a interseccional- a perspectiva tipo, ou habitual, desde a que propoñer calquera investigación?

[↩ Ir ao sumario](#)

### **Isto que significa?**

Pensamos que estes malestares son os principais problemas que nos toca confrontar ao desenvolver unha tese con perspectiva de xénero. Pola contra, traballar desde esta perspectiva conéctanos directamente cos movementos feministas; lugares nos que, potencialmente, poderemos atopar non só coñecemento, senón tamén compañía, apoio e sostén. Nesta tensión, entre o malestar propio da etapa -amplificado pola compoñente da perspectiva de xénero- e a ilusión que acompaña ao movemento feminista, atravesamos un doutoramento con esta perspectiva.

### **Existen estratexias e ferramentas para facelo máis doado?**

Pensando nas variables externas, o feito de contar cunha dirección coitada é fundamental. Ademais, manterse cerca doutras persoas que se atopen neste tránsito, traballando tamén desde esta mesma perspectiva e navegando malestares semellantes, danos a posibilidade de colectivizar estas incomodidades e máis afrontalas. Isto significa emprender un movemento altamente complexo, contra a cultura da competencia voraz que se promove dentro do ámbito académico. E a partir de aí, poñendo o foco xa no intrapersonal, é imprescindible desenvolver competencias como a conciencia e a regulación deses malestares, a capacidade de pedir axuda, a autoestima, a autoconfianza...



**GUADALUPE JIMÉNEZ**

*Profesora de Filosofía e Antropoloxía da USC e investigadora do CIFEX*

### **Algún consello concreto?**

Aínda que o doutoramento ten que ver cun tránsito, sobre todo individual, non quereríamos deixar de salientar a importancia de atopar eses espazos nos que partillar posibles preocupacións, máis alá dos que ofrecen as titorías coa dirección. Pensamos aquí en lugares, sobre todo, con iguais, que fagan posible tecer unha rede de apoio mutuo entre o alumnado, unha tarefa quizais pendente dentro dos nosos programas do doutoramento.

### **Inclúe unha tese con perspectiva de xénero diferente linguaxe?**

Somos conscientes de que as academias das linguas, co seus armazóns de normas e regras, condicionan en moitos casos as nosas posibilidades dunha expresión máis inclusiva. Sucede, por exemplo, que para publicar en certos lugares, se nos esixe que respectemos determinado canon lingüístico, como o masculino xenérico por exemplo. Porén, como vimos explicando, subverter os encargos androcéntricos forma parte -ou debería- de calquera investigación-acción feminista ou con perspectiva de xénero. E a linguaxe, como produtora de realidade, non escapa a esta necesidade de transformación.

### **Que se pode facer logo?**

Entendemos que unha tese con perspectiva de xénero, que nace das inquedanzas dunha persoa que quere investigar por un outro mundo, onde

[↩ Ir ao sumario](#)

o masculino non sexa nin o neutro nin o universal, pode e debe apostar por unha linguaxe disidente. Así, pretendendo desfacer a produción de coñecemento androcentrado, parecería unha consecuencia lóxica que unha tese destas características presente unha linguaxe diferente da que a xenuinamente inclusiva se refire.

**AIXA PERMU**

*Profesora de Pedagogía  
e Didáctica e investigadora  
do CIFEX*

### **Como podemos asegurar unha investigación sensible ao xénero?**

En primeiro lugar, tomando conciencia de que as nosas investigacións non son alleas ao sistema sexo/xénero e aos distintos nesgos. Despois, adoptando distintas estratexias para introducir esta perspectiva en todas as fases da investigación, desde as preguntas de investigación, pasando pola metodoloxía, até a fase de difusión e transferencia. Trátase así de activar unha perspectiva crítica e reflexiva, ao cuestionarse desde que posición estamos a falar, que preguntas de investigación se consideran relevantes, se estamos omitindo a algúns suxeitos, se estamos invisibilizando ou sobrexeralizando, que investigacións conseguen financiamento, que linguaxe usamos, etc. Neste sentido, nos cursos que levamos a cabo desde o CIFEX para a EDIUS, procuramos ensinar estas estratexias ao alumnado de doutoramento.

### **E a Universidade, que pode facer?**

Pensando en asegurar este tipo de investigación, parece imprescindible tamén dala a coñecer e poñela en valor, promocionando o seu interese, animando ao alumnado a implicarse en proxectos producidos desde esta sensibilidade e non só na etapa de doutoramento, senón antes, nos graos e mestrados, cando propoñemos actividades, tarefas ou traballos no marco das nosas materias. E, por suposto, creando espazos de conversa dentro da academia, tanto co alumnado como entre o profesorado, nos que consigamos expandir unha conciencia sobre a súa necesidade.


### **Que beneficios proporciona incorporar a perspectiva de xénero en investigación?**

Se o que pretendemos é un mundo máis xusto e unha ciencia para todos os corpos que o habitan, o beneficio de incorporar esta perspectiva parece evidente. Así, non só comprenderemos mellor os fenómenos que estudamos, senón que seremos capaces de dar resposta aos nosos problemas e necesidades dunha forma moito máis eficaz. A nivel científico, a incorporación da perspectiva de xénero e a toma de conciencia sobre os distintos nesgos que afectan á produción de coñecemento, ten como finalidade proporcionarnos un saber e unhas prácticas que non sexan parciais nin incompletas. Neste sentido, a investigación con perspectiva de xénero, presenta unha maior calidade. Asunto ao que toca engadir que cada vez son máis as institucións públicas que esixen incorporar esta perspectiva a


calquera investigación realizada con fondos públicos; o que significa que, entre as competencias do alumnado de doutoramento, debería estar esta formación en xénero.

### **Que retos quedan aínda por resolver?**

Pensamos que todo o que ten que ver con reformar esa percepción dos estudos de xénero, feministas, queer ou interseccionais, como temas menores ou de segunda categoría, é a grande tarefa pendente. E, a partir de aí, a catarata de consecuencias obriga a un exercicio de crítica que temos por facer: no que ten que ver, por exemplo, con aplicar esta sensibilidade de xénero -tamén a feminista, a queer ou a interseccional- á investigación en áreas como ciencias ou enxeñería e arquitectura. Tamén para dar a coñecer outras voces, máis alá das masculinas hexemónicas, ou facer o posible para recoñecer as aportacións e o traballo de grandes pensadoras que teñen sido invisibilizadas, entre outras cuestións. En resumo, debemos tomar a decisión de se apostamos ou non por un mundo para os máis dos seres vivos que nos atopamos nel, ou se continuamos a reproducir e perpetuar esta especie de violencia científica que destrata, e incluso borra, a unha moi grande parte do mundo humano e non humano.







# Formación

## Actividades

Maio 2024

### **Doutorarse con perspectiva de xénero**



7, 8, 14 e 15 de maio de 2024- Facultade de CC. da Educación do Campus Sur: módulo C2, 2º andar - seminario 1

Matriculación: do 23 ao 30 de abril de 2024

Horario: de 11:00h a 13.30h

### **Perspectiva de Xénero na Investigación: un enfoque integrador?**



8, 15, 22 e 29 Maio de 2024

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 23 ao 30 de abril de 2024

Horario: de 16:00h a 18:30h

### **Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese**



15 e 30 de maio de 2024 (Santiago) 2a edición

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 13 ao 20 de marzo de 2024

Horario: de 9:00h a 14:00h

### **Como preparar unha carreira académica**




20 de maio de 2024

Facultade ADE LUGO, conexión Teams para Santiago

Matriculación: do 7 ao 14 de maio de 2024

Horario: de 10:00h a 14:00h

 [Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades

Maio 2024

### Socimetría. A Análise de Redes Sociais como unha técnica diferente para realizar investigacións

21 de maio de 2024

Facultade de CC Económicas e Empresariais - Santiago - Aula 9

Matricula: do 13 ao 20 de marzo de 2024

Horario: de 10:00h - 14:00h

### Creación de documentos con Látex

22, 23, 24, 29, 30 e 31 de maio de 2024

Facultade de Filosofía

Matricula: do 8 ao 15 de maio de 2024

Horario: de 15:30h a 18:30h

### O concepto de xénero e o seu valor na investigación actual

28 e 29 de maio e 4 e 5 de xuño de 2024

Seminario Margaret Mead - 303. Facultade de Filosofía

Matricula: do 14 ao 21 de maio de 2024

Horario: de 16:30h a 19:00h

### Divulgación e visibilidade social da investigación

29 e 30 de maio de 2024

Facultade de Xeografía e Historia, Aula 14

Matricula: do 15 ao 22 de maio de 2024

Horario: de 9:00h a 14:00h

 Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

## Aberto até o 20 de maio o prazo para optar aos «Premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación»

A Universidade convoca a XV edición dos "Premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación". Poderán presentarse á convocatoria até o 20 de maio traballos que recollan as experiencias de introdución da perspectiva de xénero xa realizadas por membros do persoal docente e investigador da Universidade.

A memoria do traballo debe presentarse en galego, cunha extensión máxima de 25 páxinas. No caso de haber máis dunha persoa responsable da experiencia, débese sinalar o nome dunha única persoa como representante do equipo. Se fora necesario, entregárase mate-

rial complementario (publicacións, dossier, etc.).

Os premios están financiados polo Concello de Santiago de Compostela e terán dúas modalidades: A-Premios a experiencias docentes que teñan incluído a perspectiva de xénero e B-Premios para investigacións con perspectiva de xénero. Premiarase un máximo de seis experiencias, tres na modalidade A e tres na modalidade B. Poderán tamén facerse mencións honoríficas sen dotación económica. En cada unha das dúas categorías o primeiro premio está dotado con 1.000 euros, o segundo con 750 euros e o terceiro con 500 euros.

Máis información  
[nesta ligazón](#)

**PREMIOS Á INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA E NA INVESTIGACIÓN**

DIRIXIDA AO PDI DA USC

**MODALIDADE A:**  
PREMIOS A EXPERIENCIAS DOCENTES QUE TEÑAN INCLUIDO A PERSPECTIVA DE XÉNERO

**MODALIDADE B:**  
PREMIOS PARA INVESTIGACIÓNS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

PRAZO DE PRESENTACIÓN:  
ATA O 20 DE MAIO DE 2024

MÁIS INFORMACIÓN:  
USC.GAL/GI/SERVIZOS/ÁREA/IGUALDADE

USC CONCELLO DE SANTIAGO

↩ Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**

## Daniel Mena recolle o VIII Premio de Investigación Histórica Domingo Fontán



Máis información  
[nesta ligazón](#)

O doutor en Historia Moderna pola Universidade de Santiago de Compostela Daniel Mena Acevedo recolleu este mércores na sede da Real Sociedade Económica de Amigos do País (RSEAPS) o Premio Domingo Fontán de investigación histórica.

Do traballo gañador, titulado “Casas de señores. As elites e as súas residencias en Santiago de Compostela a finais da Idade Moderna”, o xurado recoñeceu a súa “rigorosidade científica, así como o amplo coñecemento demostrado do tema urbano e arquitectónico desenvolvido nesa etapa histórica na capital galega”.

Mena Acevedo é graduado en Historia e conta co mestrado universitario en Profesorado de Educación Secundaria pola Universidade de Santiago, ambos os dous con Premio Extraordinario. O premiado obtivo o doutoramento en Historia Moderna coas mencións cum laude e doutoramento internacional coa súa tese “Ámbito doméstico e condicións de vida das elites do noroeste peninsular a finais do Antigo Réxime”.

O Domingo Fontán, galardón bienal que chegou xa á súa oitava edición, está dotado cun premio en metálico de 2.000 euros, un diploma acreditativo e a publicación da obra elixida e a súa posterior presentación.

[↩](#) Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

## Simposio sobre Doutoramento en Educación



Con motivo da celebración dos 50 anos dos estudos da Pedagogía na Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Facultade de Ciencias da Educación, xunto co Departamento de Pedagogía e Didáctica e o Instituto de Ciencias da Educación (ICE), organizan o **Simposio Internacional sobre o Doutoramento en Educación. Coñecemento e Acción Transformadora** que terá lugar os días 15 e 16 de maio.

O Simposio supón unha magnífica oportunidade de reflexión e punto de encontro entre investigadoras e in-

vestigadores do ámbito da Educación. Entre outros obxectivos, preténdese analizar a situación e perspectivas do Doutoramento en Educación no marco dunha Sociedade do Coñecemento. Ademais, trátase de dialogar sobre a relevancia e calidade dos Programas de Doutoramento, estudar as súas distintas modalidades, e xerar e/ou afianzar espazos de debate e participación dos estudantes de doutoramento en Educación.

Para inscribirse, hai que cumprir debidamente o **seguinte formulario online**.

[↩](#) Ir ao sumario

**EDIUS** NOVAS

## XI Congreso Internacional de Nanociencia e Nanotecnoloxía Analítica, en setembro na USC

A Facultade de Química será a sede do XI Congreso Internacional de Nanociencia e Nanotecnoloxía Analítica (XI NyNA 2024).

O encontro está organizado polo Grupo de investigación de Elementos Traza, Espectroscopía e Especiación (GETEE) e o Instituto de Materiais (iMATUS) da USC coa colaboración do Grupo Especializado en Ciencia e Tecnoloxías (Bio) Analíticas da Real Sociedade Española de Química (RSEQ).

O obxectivo principal deste congreso é promover o desenvolvemento e o novo coñecemento sobre conceptos de química analítica aplicados á nanociencia e nanotecnoloxía. Para iso, trataranse temas concretos relacionados con nano(-bio)sensores; nanomateriais para a preparación de mostras; nanometroloxía analítica; detección, caracterización e cuantificación de nanomateriais; estratexias analíticas aplicadas que involucran nanomateriais e outras aplicacións nanotecnolóxicas e nanosistemas miniaturizados.

Previo ao congreso internacional, na mañá do 3 de setembro desenvolverase un curso relacionado con diferentes aspectos do campo. Ademais, está prevista a publicación en Microchimica Acta dunha colección temática con achegas

seleccionadas do XI NyNA 2024 e haberá premios a pósters e comunicacións orais de diferentes revistas e empresas.

O comité organizador local está presidido pola profesora Pilar Bermejo, sendo vicepresidente Antonio Moreda e secretaria Elena Peña. O prazo de inscrición está aberto (até o 24 de xuño a prezo reducido) e xa se pode enviar resumos, con data límite o 14 de maio de 2024.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Un tratamento psicolóxico da USC combinado cunha app para deixar de fumar obtén moi altos resultados de abstinencia

O 77% das persoas que realizaron un tratamento para deixar de fumar na Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos da USC conseguírono cun tratamento psicolóxico aplicado a través de videochamadas e co apoio da app SinHumo. Os resultados foron publicados en *Nicotine & Tobacco Research*, a revista de referencia en estudos de tabaquismo, no artigo "[\*The Efficacy of the SinHumo App Combined With a Psychological Treatment to Quit Smoking: A Randomized Clinical Trial\*](#)", froito dunha investigación dirixida polos docentes Elisardo Becoña e Ana López, ambos os dous da Unidade da USC.

Outro resultado relevante da investigación, que contou cun período de seguimento de 12 meses, é que a adherencia e seguimento ao tratamento é moi elevada e cun nivel de satisfacción moi alto: un 85% das persoas fumadoras indicaron estar moi satisfeitas co tratamento recibido e a utilización da app. Para os autores do estudo, a posibilidade de realizar estes tratamentos a distancia non só facilita a súa realización senón que “este tipo de formato é atractivo para persoas fumadoras que non pensan deixar de fumar con outros tratamentos convencionais, como as persoas de menor idade, por exemplo.”.

A investigación publicada é un novo paso no desenvolvemento, avaliación e difusión de tratamentos psicolóxicos eficaces para as persoas fumadoras que desde hai 40 anos vén realizando a Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos da USC.

Máis información  
[nesta ligazón](#)

[↩ Ir ao sumario](#)





# Teses

Abril 2024

*Evaluación de la credibilidad y huella psicológica en casos de violencia de género: adaptación del sistema de evaluación global al contexto colombiano*

**MILENA DEL SOCORRO  
MARTÍNEZ RUDAS**

**Director/es:** María Dolores Seijo  
Martínez, Ramón Arce Fernández

**PD:** Psicoloxía do Traballo e as  
Organizacións, Xurídica-Forense e do  
Consumidor e Usuario

**Data:** 02/04/2024 - Presencial

## Resumo:

La violencia basada en el género en Colombia es un grave problema que afecta a un número significativo de mujeres en el país. Con el objetivo de abordar esta problemática y mejorar las respuestas y medidas de apoyo en el ejercicio de la psicología forense, se realiza esta investigación centrada en la adaptación del Sistema de Evaluación Global (SEG) en el contexto colombiano para abordar casos de violencia de pareja. El presente estudio tuvo como finalidad poner a prueba la validez predictiva y discriminante de los sistemas categoriales de suficiencia y validez del SEG, valorar el sistema categorial de análisis de contenido del protocolo, comparar el daño psicológico informado por víctimas reales y evaluar la eficacia de las medidas de simulación en el discernimiento y clasificación de protocolos de víctimas verdaderas y simuladas.

*Mejora de la calidad de las canales de los broilers: aspectos prácticos de la nutrición y del aturcido*

**MARTÍN NÓVOA GONZÁLEZ**

**Director/es:** Jose Luis Benedito  
Castellote, Luís Vázquez Sande

**PD:** Medicina e Sanidade Veterinaria

**Data:** 05/04/2024 - Presencial

## Resumo:

Desde la modernización de la industria avícola de carne el crecimiento ha sido vertiginoso en todos los sentidos, incluyendo aspectos genéticos, mejores conocimientos de la nutrición, mayor control de las enfermedades y un amplio desarrollo tecnológico a disposición del sector. A las exigencias de estos cambios se suma la preocupación del consumidor por productos saludables y de confianza y la presión que la sociedad ejerce respecto a los problemas medioambientales y de bienestar animal. También es motivo de preocupación la sensibilidad que hay por el bienestar animal de los pollos, por ejemplo, con la dermatitis por contacto.

[↩ Ir ao sumario](#)



## Teses defendidas en abril

*A revisión pragmatista da Teoría do Coñecemento: a proposta de John Dewey*

**CARLOS MENDAÑA PARDO**

**Director/es:** Oscar Parceros Oubiña,  
María Eugenia Rivas Monroy

**PD:** Filosofía

**Data:** 05/04/2024 - Presencial

*El campo conceptual “transferencia” en español y alemán. Estudio lexicológico contrastivo basado en corpus: análisis, estructuración y aplicación*

**MANUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ**

**Director/es:** Meike Meliss

**PD:** Lingüística

**Data:** 05/04/2024 - Presencial

*Os solos urbanos de Santiago de Compostela*

**CECILIA HERBÓN ALLO**

**Director/es:** Remigio Paradelo Nuñez,  
María Teresa Del Carmen Barral Silva

**PD:** Medio Ambiente e Recursos Naturais

**Data:** 05/04/2024 - Presencial

[↩ Ir ao sumario](#)

### Resumo:

Con este traballo de investigación se pretende non só pór en valor o pensamento de John Dewey (1859-1952), sino profundizar na epistemoloxía de un pensador que no panorama filosófico do noso país non ha sido estudado como creemos se merece. A tese se compoñe de catro partes nas que, entre outros aspectos, se fai unha contextualización do autor, a súa obra e a súa vida sinalando o núcleo dos asuntos relevantes abordados por Dewey.

### Resumo:

Este traballo presenta o compendio de sete publicacións, todas elas subordinadas a un tema común que as vincula: o estudo lexicológico contrastivo baseado en corpus enfocado no campo conceptual de TRANSFERENCIA en español e alemán, para o seu análise, estruturación e aplicación. Parte das seguintes hipóteses xerais: (i) existen diverxencias a nivel sintáctico e semántico entre o alemán e o español nos verbos de TRANSFERENCIA que non están suficientemente tratadas nas ferramentas pedagóxicas, (ii) a información lexicográfica é insuficiente ou pouco clara para resolver as dificultades que se detectan en actividades de produción e (iii) son escasos os recursos que presenten a información combinatoria deste léxico na interface semántico-sintáctica.

### Resumo:

O obxectivo desta tese é mellorar o coñecemento sobre os solos urbanos de Santiago de Compostela, proporcionando información para a súa xestión adecuada, e reivindicando o seu papel nas cidades. Analizáronse trece perfís completos de solo, que presentan unha gran variabilidade espacial. Os resultados demostran a importancia do estudo dos solos urbanos, pola súa variabilidade e distinto grao de artificialización, así como a potencial contaminación, que poden comprometer o seu uso. Pónse tamén de manifesto a necesidade de aplicar un enfoque holístico e multidisciplinar para comprender dunha maneira máis axeitada as súas cualidades e os posibles riscos asociados, de cara a planificar as cidades sostibles do futuro e xestionar razoadamente os usos do solo.

## Teses defendidas en abril

*Neuroanatomía comparada de la comunicación química en cánidos: un estudio de los sistemas vomeronasal y olfativo principal en perro, lobo y zorro*

**IRENE ORTIZ LEAL**

**Director/es:** Pablo Sánchez Quinteiro

**PD:** Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias

**Data:** 08/04/2024 - Presencial

*Influencia del estrés materno en la calidad y cantidad de lactancia materna en la microbiota intestinal y en la evolución inmediata del recién nacido prematuro < 32 semanas de gestación y/o < 1500 gramos*

**MARÍA DEL CARMEN FERNÁNDEZ TUÑAS**

**Director/es:** María De La Luz Couce Pico, José Ramón Fernandez Lorenzo

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 08/04/2024 - Presencial

*AMLO y MORENA: el liderazgo político como origen e institucionalización de un partido*

**MIGUEL DE JESÚS ESPEJO CRUZ**

**Director/es:** Jose Manuel Rivera Otero, María Pereira López

**PD:** Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas

**Data:** 11/04/2024 - Presencial

 [Ir ao sumario](#)

### Resumo:

Esta tesis se centra en desentrañar las bases anatómicas, histológicas y morfofuncionales de la comunicación química a través de feromonas y olores en cánidos, tanto salvajes como domésticos. La investigación revela una involución morfofuncional en el desarrollo de los subsistemas olfativos en perros domésticos en comparación con sus ancestros salvajes, probablemente como resultado de la domesticación. También ofrece información sobre la adaptación y evolución de sus sistemas olfativos, abriendo caminos para futuras investigaciones en la biología de la conservación y la comprensión de la compleja relación entre domesticación, adaptación y evolución sensorial.

### Resumo:

El objetivo principal de la tesis es valorar la influencia del estrés de las madres lactantes en la cantidad de leche extraída, en sus macronutrientes y en la microbiota de la leche e intestinal del recién nacido prematuro. Secundariamente, analizar cómo se va modificando el estrés a lo largo de los 15 días del estudio y cómo influye en la biodiversidad de la microbiota de la leche y en la intestinal del recién nacido. Se concluye que el estrés materno es un factor importante en el establecimiento de la microbiota intestinal del prematuro y en la leche materna, así como en su biodiversidad. El tipo de parto, los antibióticos o la alimentación influyen en su composición. Por otro lado, el peso al nacimiento, el sexo o los antibióticos modifican los niveles de calprotectina fecal, que básicamente, son más elevados que en adultos, en ausencia de enfermedad.

### Resumo:

La investigación es un recorrido teórico sobre liderazgo, liderazgo político, partidos políticos, modelos de partidos, sistema político, sistema electoral mexicano, una breve referencia del liderazgo de Andrés Manuel López Obrador y del origen, evolución e institucionalización de MORENA. La obtención de información se realizó mediante entrevistas y encuestas domiciliarias para poder determinar la influencia del liderazgo de López Obrador en la intención de votar a MORENA, y definir así la capacidad de institucionalización del partido sobre la base del líder. El análisis se realizó con un enfoque cuantitativo que incluyó el manejo de diferentes técnicas estadísticas, entre ellas, modelos de regresión lineal múltiple y modelos de regresión logística binaria.

## Teses defendidas en abril

*Valor pronóstico del estado HER2 en el carcinoma urotelial de vejiga T1 alto grado*

**ÁNGEL MAXIMINO CASTRO IGLESIAS**

**Director/es:** Tomas M. M. Garcia-Caballero Parada, José Antonio Ortiz Rey

**PD:** Medicina Molecular

**Data:** 11/04/2024 - Presencial

### Resumo:

